

IV


Encontro Galego de ilustración


Sábado 27 / 10 / 2007

Fundación Caixa Galicia

Rúa do Vilar, 17

Compostela





Programa

**Venres
26 de
outubro**

Café do Casino
Rúa do Vilar, 35

12:00 Rolda de prensa coa presenza do presidente e a xerente de FADIP

Sargadelos
Rúa Nova, 16

18:00 Reunión de traballo da xunta directiva de FADIP

**Sábado
27 de
outubro**

**Salón de actos da
Fundación Caixa
Galicia**

Rúa do Vilar, 17
Actos de portas abertas
(Entrada libre)

10:00 Entrega de documentación e proxección das montaxes audiovisuais "Quero medo" e "A fraga ilustrada"

10:15 Presentación oficial do encontro

10:20 Charla: **ESTUDO ECONÓMICO DA ILUSTRACIÓN ESPAÑOLA**
Poñente: Carmen Castro

10:50 Charla: **OS DEREITOS DE AUTOR NA ILUSTRACIÓN GRÁFICA**
Poñente: Mariona Sardá

11:50 Descanso

12:00 **ILUSTRAR EN ESPAÑA, EUROPA E O MUNDO.**
Mesa redonda coa participación de Horacio Altuna, Dani Maiz, Cristina Durán, Miguel Teso e Gerardo Trives.
Modera Manel Cráneo (Presidente de AGPI)

13:30 Homenaxe a Siro López

Praza da Quintana

14:00 Fotomatón

**Restaurante
"O dezaseis"**
Rúa San Pedro, 16

15:00 Xantar de confraternización

**Salón de actos da
Fundación Caixa
Galicia**

Rúa do Vilar, 17
Actos para os socios

17:30 Asamblea Xeral da AGPI

19:00 Despedida e peche do encontro

Os convidados

Miguel Teso

(Madrid, 1974) Presidente de FADIP (Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionais). Expresidente de APIM (2003-2007)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (especialidade de grabado e debuxo). Curso Experto Universitario en Infografía y Animación 3D impartido pola Universidad Complutense de Madrid. Exerce como ilustrador desde o ano 2000. Traballou en estudos de deseño (Dinarte S.L. e Versión Original S.L.). Desde 2002 é autónomo e traballa para diversas axencias publicitarias, editoriais e institucións (clientes como RENFE, El Estudio S.L, Doblehache Comunicación, X-Box, Crin, The Candy & the Toy Factory, S.C.P.F, Mccann-Erikson, S.M.A, Junta de Castilla y León, Comunidad de Madrid, Editorial Edebé, Pearson, Anaya...)

Horacio Altuna

(Arxentina, 1941) Presidente de APIC (Asociación Profesional d'Il·lustradors de Catalunya), vicepresidente de FADIP e membro do Consello de Administración de VEGAP desde 2007.

É un histórico da BD internacional. Comenzou profesionalmente en 1965 e desde entón leva publicado a súa obra en máis de 20 países. Coautor (con Carlos Trillo) de obras como El Loco Chávez, Las Puertitas del Sr Lopez, El Último Recreo, entre outras. Como autor completo firmou Ficcionario, Imaginario, Hof L.A., El Nene Montanaro etc, ademais de ter publicado historias eróticas cortas durante 12 anos para o Grupo Playboy. Galardoado con dous premios Yellow Kid (obra en 1986 e traxectoria en 2005), e co Gran Premio do Saló del Cómic de Barcelona (2004). Desde o 2000 publica a tira diaria Familia Tipo en El Periódico de Catalunya.

Gerardo Trives

(Madrid, 1969) Presidente de APIM (Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid)

Licenciado en Belas Artes (Facultade de Madrid). Ilustra Clásicos Universais para a editorial Libro-Hobby-Club obras como Crime e Castigo, Así Falou Zaratustra e O Quixote. Expón na Bial de Bratislava de 2005. Realiza cartelería para produtoras de teatro como Compañía del Teatro de la Paz e Uroc Teatro. Colabora con diseñadores de vestuario de ópera no trazado de figuríns (producción de "Carmen" de Bizet, baixo deseños de Gabriela Salaverri). Paralelamente desenrolou proxectos para APIM como a exposición Ilustrado Don Quijote, divulgada polo Instituto Cervantes e a Biblioteca Nacional, ou o portal de ilustración *Illustranet*.

Cristina Durán

(Valencia, 1970) Presidenta de APIV (Asociació Professional d'Il·lustradors de València). Delegada de FADIP en EIF (European Illustrators Forum)

Ilustradora. Entre os seus clientes se atopan Iberia, Inter-món-Oxfam, L'Oceanogràfic, Generalitat Valenciana e diverses editoriais como Santillana, Voramar, Anaya, Barcelona, Bromera, Castellnou e Lynx. Desde 1993 traballa en GRUAGRÀFICS, estudio que fundou e comparte co tamén ilustrador Giner Bou.

Dani Maiz

(Bilbao, 1979) Presidente de APIE (Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi)

Técnico superior en Artes Plásticas e Deseño con especialidade en Ilustración. Como creativo gráfico ten traballado en diversos proxectos para publicidade. Como ilustrador e historietista impartiu obradoiros e cursos (Getxo, Tolosa, Bilbao, Durango, Ourense, León...). Actualmente compaxina a ilustración profesional (editorial y publicidade) coa súa actividade dentro da Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi e Galtzagorri.

Carmen Castro

(Valencia, 1967) Xerente de FADIP

Nacida en Valencia pero con ascendencia galega, Carmen é economista experta en Políticas Europeas de Xénero. O seu ámbito de traballo é a consultoría, a xestión do cambio organizacional e a formación de redes de coñecemento. Durante os últimos 5 anos estivo implicada en APIV e FADIP, desde onde ven promovendo a edición de Anuarios de Ilustración, os Encontros Transnacionais de Ilustración e a creación do Foro Europeo de Ilustradores. Coordinou a elaboración do Libro Blanco da Ilustración Gráfica en España e o Estudio sobre a participación económica da Ilustración Gráfica, ambos editados por FADIP.

Mariona Sardá

(Barcelona, 1971) Asesora xurídica da APIC e da FADIP desde 1996

Licenciada en Dereito na Universidade de Barcelona. Beca Erasmus en Bologna (Italia). Postgrado de Propiedade Intelectual durante o ano 1995 no Institut d'Estudis Continus da Universidade Pompeu Fabra. Desde 1993 traballa como abogada no Bufet Balari / Roca-Cusachs levando asuntos de Dereito Mercantil, Dereito Civil, Dereito Procesal Civil e Dereito da Propiedade Intelectual. Os primeiros catro anos como colaboradora, e nos últimos anos como socia abogada do bufete.


Organiza



Colabora



Co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



F A D I P

